ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

2004

MEMORIA
Tomo I

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA

MEMORIA

Tomo I

ÍNDICE:

I. OS ORZAMENTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2004

1. *Características xerais* *3*

2. *Ámbito, contido e estructura* *7*

3. *Evolución das principais magnitudes orzamentarias* *17*

II. O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

1. *Ingresos* *25*

1.1 Análise por capítulos *26*

2. *Gastos* *43*

2.1 Clasificación orgánica, económica e funcional do gasto. Análise por capítulos *47*

2.2 Variacións na clasificación económica das seccións presupostarias *71*

III. OS ORZAMENTOS DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

1. *Organismos Autónomos Administrativos* *115*

2. *Organismos Autónomos Comerciais ou análogos* *127*

IV. O ORZAMENTO CONSOLIDADO

1. *Ingresos* *137*

2. *Gastos* *139*

2.1 Gastos homoxeneizados, Decretos 8/2003 e 280/2003 *157*

3. *A conta financeira* *171*

V. OS ORZAMENTOS DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

1. *Entes públicos* *179*

2. *Sociedades mercantís da Comunidade Autónoma* *197*

VI. COMENTARIOS Ó TEXTO ARTICULADO DA LEI DE ORZAMENTOS *217*

I. OS ORZAMENTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2004

1. CARACTERÍSTICAS XERAIS

Os orzamentos de 2004 ascenden a 8.162,7 millóns de euros, que supoñen un incremento do 5,3% sobre o ano anterior –8,1% en termos de gastos non financeiros– e van acompañados dun 19,1 % de aumento do aforro corrente, que se sitúa en 1.216,4 millóns de euros, proporcionando desa forma unha gran solidez á formación dos equilibrios básicos presentados.

Como corresponde ó principio de plurianualidade no que se inscribe a elaboración dos orzamentos do sector público, compatible co marco anual polo que se rixe a súa aprobación e execución, os presupostos de 2004 manteñen en gran parte as liñas básicas de exercicios anteriores, coas correccións necesarias para adaptalos ós cambios conxunturais proxectados sobre o ámbito ó que extenden a súa aplicación.

Conforme a esa perspectiva a configuración destes orzamentos xira en torno a dous eixes fundamentais de actuación: o impulso dun crecemento económico xerador de emprego e capaz de forza-lo ritmo de converxencia, e o reforzamento das políticas de cohesión, de benestar e de solidariedade social.

Ó servicio do primeiro deses obxectivos sitúase o considerable aumento que experimenta en 2004 o gasto de capital executado a través dos capítulos VI, VII, e VIII, que permitirá a realización de investimentos por importe de 2.072,5 millóns de euros, equivalentes ó 4,7% do PIB galego, cifra que resultaría amplamente superada si se computase o investimento canalizado a través dos entes públicos e

sociedades mercantís da Comunidade Autónoma, entre os que terían unha presencia destacada a Sociedade Pública de Investimentos (SPI Galicia, S.A.), o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), Portos de Galicia, as sociedades de xestión urbanística, e a Sociedade de Desenvolvemento Comarcal. A importancia do esforzo realizado pode deducirse considerando que o importe mencionado supera nun 14,7% ó dos investimentos do anterior exercicio, duplicando ampliamente o incremento esperado do PIB nominal e situándose ata 9,4 puntos por encima do crecemento dos propios orzamentos.

Dentro dese apartado, ademais dos que inciden directamente nos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro, hai que destaca-lo novo impulso que experimentan os investimentos en infraestructuras básicas e de transporte e os programas de apoio ós sectores productivos e ó desenvolvemento empresarial, sendo igualmente considerable o crecemento asignado ás dotacións que se destinan ás políticas de innovación e desenvolvemento tecnolóxico e á promoción integral da oferta turística, amparada neste último caso pola consideración do 2004 como ano santo compostelán.

Debe resaltarse igualmente a condición prioritaria que se concede ós investimentos programados para este exercicio dentro do Plan de Dinamización Económica de Galicia, elaborado para facer fronte ás consecuencias dos verquidos do buque "Prestige" sobre a actividade económica das principais zonas afectadas, aínda que tamén aparecen vencelladas ó Plan distintas actuacións que serán desenvoltas nas áreas de dinamización prioritaria de Lugo e Ourense.

Pola súa parte as políticas educativas, que participan das características que identifican tanto ó ámbito do crecemento económico como ó da cohesión social, ven novamente incrementado o valor real das

súas dotacións. A importancia dese crecemento non podería sen embargo ser valorado adecuadamente se se prescindise de considera-lo paralelo descenso que como consecuencia da evolución demográfica está experimentando nos últimos anos o número de alumnos, tanto na área universitaria coma nas restantes modalidades do ensino, elevando dese modo, de forma importante, os ratios de gasto per cápita dispoñibles.

Significativo resulta igualmente o crecemento das dotacións asignadas ás outras dúas políticas que, coa de Educación, constitúen o entramado básico da cohesión e da solidariedade social.

Os créditos que se destinan á Sanidade increméntanse nun 7,4%, 2,1 puntos por encima dos orzamentos e en torno a 2 puntos por encima da previsión do PIB, situando o gasto sanitario da Administración autonómica nun promedio de 936 euros por habitante e ano, cifra que todavía sería superior se do seu cálculo quedasen excluídos os colectivos alleos á Seguridade Social.

A súa vez, aínda que o seu peso dentro dos orzamentos sexa moi inferior, o crecemento dos diversos programas englobados no ámbito dos servicios comunitarios e sociais é todavía maior en termos relativos, resultando especialmente acentuado no caso das medidas de apoio ás familias, e das encamiñadas á atención da crecente poboación de idade avanzada, así como á dotación da Renda de Inserción Social que se verá notablemente reforzada neste exercicio.

Baixo outro punto de vista parece igualmente oportuno resalta-la continuidade da aplicación de criterios moi rigurosos na determinación dos créditos afectados á realización do gasto corrente non asociado á prestación das políticas básicas de carácter social, necesarios para a consecución das altas tasas de aforro ás que antes temos feito referencia,

e, paralelamente, o énfase posto nos procesos de mellora da eficacia e da eficiencia do gasto, como medio para conseguir con menor coste os mesmos resultados.

Por último, resulta necesario apuntar que como consecuencia da nova estructura orgánica da Xunta de Galicia, establecida polo Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, os datos comparativos dos exercicios 2003 e 2004, no que respecta ás consellerías afectadas pola reestructuración, non están concebidos en termos completamente homoxéneos, o que deberá terse en conta para os efectos da lectura que se pode facer dos cadros incluídos nesta Memoria.

2. ÁMBITO, CONTIDO E ESTRUCTURA

A Lei de réxime financeiro e orzamentario no seu artigo 48 establece que os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma estarán integrados por:

a) O orzamento da Comunidade.
b) Os orzamentos dos Organismos Autónomos.
c) Os orzamentos de explotación e capital das Sociedades Públicas.
d) Os orzamentos dos demais entes públicos a que fai referencia o artigo 12 da citada lei, é dicir, os das sociedades mercantís nas que a Comunidade teña participación maioritaria e as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que por lei teñan que adecua-la súa actividade ó ordenamento xurídico privado.

Dentro do orzamento da Comunidade aparecen incluídos tanto os xestionados polas distintas Consellerías como os que corresponden a determinados órganos de carácter estatutario ou para os que a súa lei de creación prevé a integración dos seus orzamentos nos presupostos xerais; desa forma intégranse os do Parlamento, o Consello de Contas, o Consello da Cultura Galega e o Consello Consultivo de Galicia. Figuran igualmente como seccións independentes as transferencias a Corporacións Locais, a Débeda Pública, e os Gastos de Diversas Consellerías, que polas súas características e a naturaleza dos gastos, aconsellan a súa inclusión como seccións específicas.

Respecto da clasificación orgánica da Administración Xeral, compre sinalar que por Decreto 280/2003, do 17 de xuño, que modificou á súa vez o Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, polo que se modificaba a estructura orgánica da Xunta de Galicia, o que supuxo unha reasignación das competencias nas Consellerías de Innovación, Industria e Comercio, Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Sanidade, Xustiza, Interior e Administración Local, Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, e Emigración. Como consecuencia desta modificación os importes dos créditos asignados ás distintas consellerías poden sofrir variacións significativas se se comparan coas dos Orzamentos do 2003.

Os Organismos autónomos, que rexen a súa actividade polo Dereito público, e por outro lado as Sociedades públicas mercantís e os Entes públicos que por lei teñen que adecua-la súa actividade ó ordenamento xurídico privado integran a Administración Institucional.

Como Organismos autónomos de carácter administrativo, figuran os seguintes :

- Escola Galega de Administración Pública.
- Instituto Galego de Estatística.
- Instituto Galego de Consumo.
- Servicio Galego de Saúde.
- Academia Galega de Seguridade.
- Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.
- Augas de Galicia.

Á súa vez, a relación de Organismos autónomos de carácter comercial, industrial e financeiro ou análogo é como segue :

– Instituto Galego da Vivenda e Solo.
– Fondo Galego de Garantía Agraria.
– Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.

Co carácter de Entes públicos de dereito privado da Comunidade Autónoma, os orzamentos para o ano 2004 inclúen os seguintes :

a) Adscritos á Consellería de Economía e Facenda:
– Consello Económico Social.
– Instituto Galego de Promoción Económica.
– Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-financeira e Contable.

b) Adscritos á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda:
– Portos de Galicia.

c) Adscrito á Consellería de Innovación, Industria e Comercio:
– Instituto Enerxético de Galicia.

d) Adscrita á Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural:

– Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

e) Adscritas á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo:
– Compañía de Radiotelevisión de Galicia, que consolida os seus orzamentos con Televisión de Galicia, S.A., e Radiotelevisión de Galicia, S.A., sociedades por ela constituídas.
– Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

f) Adscritas ó Servicio Galego de Saúde:

– Fundación Pública Hospital de Verín.
– Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía.
– Fundación Pública Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira.
– Fundación Pública Hospital Comarcal da Barbanza.
– Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria.
– Fundación Foro Permanente Galego e Iberoamericano de Saúde.
– Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia.
– Fundación Pública Hospital Comarcal do Salnés.
– Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia.

g) Adscrita á Consellería de Medio Ambiente:

– Empresa Pública Obras e Servicios Hidráulicos.

As sociedades mercantís nas que o sector público autonómico detenta a participación maioritaria no seu capital, que se integran nos orzamentos para o 2004 son as que se indican de seguido, figurando a consellería á que están adscritas:

a) Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública:

– Sociedade Anónima de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia.

b) Consellería de Economía e Facenda:

– Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.
– S.A. para o Desenvolvemento Industrial de Galicia.
– Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.
– Xes Galicia, S.A.
– Sociedade Pública Autoestrada Alto de S. Domingo-Ourense, S.A.

c) Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda:

– Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.
– Xestión Urbanística de Lugo, S.A.
– Xestión Urbanística de Ourense, S.A.
– Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.

d) Consellería de Innovación, Industria e Comercio:

– Galicia Calidade, S.A.

e) Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural:

– Xenética Fontao, S.A.
– Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.

f) Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo:

– Televisión de Galicia, S.A.
– Radiotelevisión de Galicia, S.A.
– Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo.
– Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.
– Redes de Telecomunicación Galegas, Retegal, S.A.

g) Consellería de Sanidade:

– Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.

h) Consellería de Medio Ambiente:

– Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

A Sociedade Pública Autoestrada Alto de S. Domingo-Ourense, S.A., participada íntegramente pola Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., foi creada polo Decreto 254/2003, do 24 de abril, trala autorización concedida pola Disposición adicional sétima da Lei de Orzamentos para o ano 2003. Polo tanto, é este o primeiro exercicio no que se inclúe nos orzamentos da Comunidade.

Cadro nº 1 ***ÁMBITO DOS ORZAMENTOS XERAIS PARA O ANO 2004***

COMUNIDADE AUTÓNOMA	***OO.AA.***		***Sociedades Públicas***	
SECCIÓNS	*Admtvos.*	*Com. ind. e financ.*	*Entes públicos*	*Sociedades mercantís*
Parlamento				
Consello de Contas				
Consello Cultura Galega				
Presidencia Relacións Institucionais e Admón. Pública	*EGAP*			*S.A. Centro Supercomput. de Galicia*
Economía e Facenda	IGE		C. E. S. IGAPE CIXTEC	CEEI Galicia S.A. SODIGA SPI Galicia S.A. XES Galicia S.A. S.P. Autoestrada A de S. Dom-Ourense
Política Territorial Obras Públicas e Vivenda		*IGVS*	*Portos de Galicia*	*Xestur Coruña S.A.* *Xestur Lugo S.A.* *Xestur Ourense S.A.* *Xestur Pontevedra S.A.*
Educación e Ord. Universit.				
Industria e Comercio	*IGC*		*Instituto Enerxético de Galicia.*	*Galicia Calidade S.A.*
Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural		FOGGA	Axencia Galega de Desenv. Rural	SA. Desenv. Comarcal Xenética Fontao S.A.
Cultura Comunicación Social e Turismo		*IGAEM*	*CRTVG* *F. Cidade da Cultura de Galicia*	*TVG S.A.* *RTVG S.A.* *S.A. Xestión Xacobeo* *S.I.P.T.-Galicia S.A.* *RETEGAL S.A.*
Sanidade	SERGAS		-H. Verín -I.G.Oftalmol. -H. V. Xunqueira -H. A Barbanza -E.G.Admón.S -F.P.G.I.Saúde -F.P. Urxencias Sanit.Galicia -F.P. H.C. do Salnés -F.P.C.Transfusión	MEDTEC S.A.
Pesca e Asuntos Marítimos				
Xustiza Int e Admón Local.	AGS			
Familia Xuvent. Deporte e Vol.	*SGPIHM*			
Medio Ambiente	*Augas de Galicia*		*Obras e Serv. Hidrául.*	SOGAMA S.A.
Asuntos Soc, Empr.e Rel Lab.				
Emigración				
Consello Consultivo de Galicia				
Transferencias a CC.LL.				
Débeda Pública				
Gastos Diversas Consellerías				

Polo que se refire ó seu contido, os orzamentos xerais para o ano 2004 axústanse ó establecido no artigo 48.2 da Lei de Réxime financeiro e orzamentario, incluíndo:

Os estados de gastos, nos que se especifican na forma establecida os créditos necesarios para dar cumprimento ás obrigas máximas que se poderán recoñecer.

Os estados de ingresos, nos que se detallan as estimacións dos dereitos económicos a liquidar durante o exercicio orzamentario.

Os estados financeiros dos organismos autónomos comerciais, industriais ou financeiros ós que fai referencia o artigo 11 desa lei.

Os estados financeiros das sociedades públicas.

Cadro nº 2 ***CONTIDO DA LEI DE ORZAMENTOS XERAIS***

a) Texto articulado	♦ *Aprobación dos orzamentos* ♦ *Previsión de ingresos e autorización de gastos* ♦ *Ordenación xurídica da actividade orzamentaria*	
b) Estados numéricos	♦ *Estado de gastos*	*-Da Admón. Xeral* *-Dos OO.AA. Administrativos* *-Dos OO.AA. Comerciais*
	♦ *Estado de ingresos*	
	♦ *Estados financeiros*	*-Dos OO.AA. Comerciais* *-Das Sociedades Públicas*

A estructura dos Orzamentos xerais ven determinada polo artigo 49 da Lei de Réxime financeiro e orzamentario, que establece as seguintes regras:

a) Os estados de gastos confeccionaranse aplicando unha clasificación funcional por programas. Así mesmo, as clasificacións orgánica e económica informarán, respectivamente, sobre o axente que realiza o gasto e a natureza do mesmo.

b) Para cada programa de gasto estableceranse os obxectivos que se pretenden conseguir cos recursos que se lle asignen, así como, sempre que sexa posible, os indicadores de seguimento que se consideren adecuados para analiza-lo grao de consecución dos mesmos.

c) Presentaranse separadamente os gastos correntes e os gastos de capital, e a súa clasificación económica rexerase polos seguintes criterios:

1. Nos créditos para gastos correntes distinguiranse os de funcionamento dos servicios, os gastos financeiros e as transferencias correntes.

2. Nos créditos para gastos de capital distinguiranse os de investimentos reais, as transferencias de capital e as variacións de activos e pasivos financeiros.

Con arreglo ó indicado os estados de gastos dos orzamentos para o ano 2004 adoptan, polo que se refire á súa estructura, unha triple clasificación :

Funcional por programas, que establece o destino ou finalidade do gasto.

Orgánica, que identifica órgano xestor encargado de realiza-lo gasto.

Económica, que informa sobre o modo no que o gasto se debe concretar segundo a súa natureza económica.

Cadro nº 3 ***ESTRUCTURA DO ORZAMENTO DE GASTOS***

♦ Clasificación funcional	◊ Grupos de funcións ◊ Funcións ◊ Programas
♦ Clasificación orgánica	◊ Seccións ◊ Servicios
♦ Clasificación económica	◊ Capítulos ◊ Artigos ◊ Conceptos ◊ Subconceptos

Pola súa parte, os estados de ingresos, que expresan a contía e natureza da totalidade dos recursos previstos para o financiamento dos gastos do exercicio, o citado artigo 49 dispón a súa presentación con arreglo a unha clasificación exclusivamente económica, na que deberán distinguirse os correspondentes a operacións de natureza corrente dos previstos para operacións de capital.

Cadro nº 4	***ESTRUCTURA DO ORZAMENTO DE INGRESOS***
♦ Clasificación económica	◊ Capítulos ◊ Artigos ◊ Conceptos ◊ Subconceptos

No caso das empresas públicas ás que se refire o artigo 12 da Lei de réxime financeiro e orzamentario a estructura difire da vista ata o momento para a Administración Xeral e para os organismos autónomos. Así, estes organismos presentarán os orzamentos de explotación e de capital, un cadro de financiamento, o balance de situación e a conta de perdas e ganancias. Ademais, no caso de realizaren investimentos en infraestrucuturas públicas deberán presentar una descrición deles e, se é o caso, dos compromisos adquiridos para futuros exercicios respecto do seu financiamento.

3. EVOLUCIÓN DAS PRINCIPAIS MAGNITUDES ORZAMENTARIAS

Os presupostos consolidados do ano 2004 ascenden a 8.162.674.951 euros, que superan en 413.600.989, un 5,3%, ós aprobados no pasado exercicio. Esa cifra resulta equivalente ó 20,08% do Producto Interior Bruto previsto, e representa un gasto de 2.987 euros por habitante.

A estimación dos recursos de carácter non financeiro sitúase en 7.902,9 millóns de euros, que superan en 73,4 millóns ós gastos de igual condición e nun 7,7% á cifra de ingresos do ano 2003. Os gastos, pola sua parte, alcanzan os 7.833,8 de euros, e o seu crecemento sobre o exercicio anterior sitúase no 8,2 %.

Dentro das operacións non financeiras a evolución dos ingresos correntes, un 8,1%, supera ampliamente á dos gastos correntes, que o fan ó 6,2%. Desa situación derívase o espectacular incremento do aforro, que no ano 2004 representará 1.216,4 millóns de euros, un 19,1% por encima da cifra conseguida en 2003, no seu momento considerada como dificilmente superable.

A variación dos ingresos non financeiros de capital é moito máis moderada, un 4,7%, pero xunto á cifra proporcionada polo aforro corrente permite financiar un gasto de capital que a través dos capítulos VI e VII se sitúa en 1.963,8 millóns de euros, superior nun 14,6% a dotación do ano 2003.

As diferentes taxas de evolución que afectan ó conxunto dos gastos e ingresos non financeiros -correntes e de capital- determina unha caída da capacidade de financiamento respecto ó ano anterior. A pesar deso, en termos do PGCPG, conséguese un superávit non financeiro de 69,1 millóns de euros, que se destina ó financiamento de activos.

Como novedade respecto ó exercicio anterior, para completa-lo financiamento dos gastos imputados ó capítulo VIII con criterios do PGCPG, que superan en 14,6 millóns de euros, un 15,5%, ós do ano 2003, resulta necesario un incremento da variación de pasivos por importe de 38,9 millóns de euros.

Desde un punto de vista funcional, os programas que experimentan un maior crecemento relativo, entre os que son propios dos grandes grupos de funcións, sitúanse nas áreas correspondentes á "Producción de bens públicos de carácter económico", onde os créditos destinados a infraestructuras básicas e de transporte, dotados con 327,2 millóns de euros, increméntanse nun 26,4%, e na que corresponde ó "Apoio ós sectores productivos e desenvolvemento empresarial", que experimenta un crecemento global do 19,3%.

Por outra parte, a "Producción de bens públicos de carácter social", onde están situados, entre outros, os programas sanitarios e educativos, experimenta como ven sendo habitual o maior incremento en valores absolutos: 355,4 millóns de euros. Desa cantidade corresponden ós servicios sanitarios 175,5 millóns, equivalentes a un incremento do 7,4%, mentras que Educación participa con 84,1 millóns, representativos dunha variación do 5,1%.

Como resume, o conxunto dos orzamentos de 2004 presenta unha evolución moderada (5,3%), que a través dunhas elevadísimas taxas de incremento do aforro (19,1%) e unha mínima variación do endebedamento neto, que en relación ó PIB descende incluso respecto ó ano 2003, permite o financiamento dun gasto de capital -capítulos VI,VII, e VIII- fortemente expansivo (14,7% de incremento), que resulta fundamental para impulsa-lo crecemento da actividade económica, ó mesmo tempo que se potencia a atención prestada ós programas sociais de carácter estratéxico, que globalmente experimentan incrementos superiores ó do propio orzamento, especialmente significativo no caso do 7,4% que corresponde ós servicios sanitarios.

II. O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

O ORZAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL

A actividade económico financeira do sector público autonómico xira en torno ó presuposto da Administración Xeral, subsector que xestiona a parte cuantitativamente máis significativa dos gastos e serve ademais de fonte de financiamento a unha parte considerable da administración institucional e das sociedades públicas integradas nos Orzamentos da Comunidade.

Respecto dos orzamentos para o ano 2004 a nova estructura orgánica da Xunta aprobada polo Decreto 280/2003, do 17 de xuño, que modificou á súa vez o Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, trae como consecuencia unha distribución distinta das competencias de cada consellería, principalmente no caso das consellerías de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, e na de Asuntos Sociais,, Emprego e Relacións Laborais que transfiren dende a primeira á segunda as competencias da Comunidade Autónoma en materia de emprego. Ese trasvase resulta cuantitativamente inferior no caso da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, que deixa de integrar nela os créditos de determinadas secretarías xerais que con anterioridade dependían directamente da Presidencia da Xunta (S. Xeral para o Deporte, S. Xeral de Investigación e Desenvolvemento, e S. Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal). Polo tanto, no que respecta ás consellerías afectadas, os datos que figuran nos cadros desta Memoria, referentes á comparación que se establece entre os exercicios de 2003 e 2004, non corresponden a competencias completamente homoxéneas, circunstancia que debe ser considerada no momento de realizar calquera valoración ó respecto.

1. INGRESOS

Os ingresos da Administración Xeral representan neste exercicio 7.907.330 miles de euros, equivalentes a un incremento do 5,3% sobre o ano anterior. Os recursos de carácter non financeiro ascenden a 7.648.235 miles de euros, que representan un crecemento do 7,8% situándose en torno a dous puntos por encima do crecemento económico esperado para o actual exercicio.

Cadro nº 5 ORZAMENTO DE INGRESOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL

Estructura Económica

(Miles de euros)

Capítulos		2003	2004	Variación 04/03		Valor relativo	
					%	2003	2004
I	Impostos directos	822.702	918.126	95.424	11,6	11,0	11,6
II	Impostos indirectos	1.824.354	1.990.601	166.247	9,1	24,3	25,2
III	Taxas, prezos e outros ingresos	150.513	160.959	10.446	6,9	2,0	2,1
IV	Transferencias correntes	3.591.589	3.833.912	242.323	6,7	47,9	48,5
V	Ingresos patrimoniais	11.500	11.700	200	1,7	0,2	0,1
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		***6.400.658***	***6.915.298***	***514.640***	***8,0***	***85,2***	***87,5***
VI	Alleamento de investimentos reais	700	700	0	0,0	0,0	0,0
VII	Transferencias de capital	695.278	732.237	36.959	5,3	9,2	9,2
TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS		**7.096.636**	**7.648.235**	**551.599**	**7,8**	**94,5**	**96,7**
VIII	Activos financeiros	10	10	0	0,0	0,0	0,0
IX	Pasivos financeiros	413.648	259.085	-154.563	-37,4	5,5	3,3
TOTAL INGRESOS FINANCEIROS		**413.658**	**259.095**	**-154.563**	**-37,4**	**5,5**	**3,3**
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		***1.109.637***	***992.032***	***-117.605***	***-10,6***	***14,8***	***12,5***
TOTAL INGRESOS		**7.510.295**	**7.907.330**	**397.035**	**5,3**	**100**	**100**

1.1 ANÁLISE POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO I. Impostos directos

Os ingresos do capítulo I representan 918.126 miles de euros, equivalentes a un incremento do 11,6% que descansa sobre o comportamento esperado da recadación do IRPF.

Cadro nº 6 **CAPÍTULO I. IMPOSTOS DIRECTOS**

Distribución Económica. Variacións 2003-2004.

(Miles de euros)

Conceptos		2003	2004	Variación 04/03 Importe	%	Valor Rela. 2003	2004
100	Sobre a renda das persoas físicas	677.150	764.088	86.938	12,8	82,3	83,2
110	Sucesións e doazóns	99.652	106.220	6.568	6,6	12,1	11,6
111	Patrimonio das persoas físicas	45.900	47.818	1.918	4,2	5,6	5,2
TOTAL		**822.702**	**918.126**	**95.424**	**11,6**	**100**	**100**

Cadro nº 7 **CAPÍTULO I. IMPOSTOS DIRECTOS**

Distribución económica. Evolución 2000-2002

(Miles de euros)

Conceptos		2000	2001	2002
100	Sobre a renda das persoas físicas	297.495	324.211	647.237
110	Sucesións e doazóns	80.415	84.743	111.896
111	Patrimonio das persoas físicas	34.859	38.465	41.470
TOTAL		**412.769**	**447.419**	**800.603**

Entre as novidades normativas que afectan ó Imposto sobre a renda das persoas físicas, recollidas na Lei de acompañamento dos orzamentos do Estado, deben ser destacadas as seguintes:

- Decláranse exentas no IRPF tódalas prestacións públicas por nacemento, adopción, fillos a cargo e maternidade. Así mesmo, quedan exentas as becas para estudios en España ou no estranxeiro concedidas por entidades sen fins lucrativos.

- Equipárase o réxime fiscal das entregas de cotas participativas das caixas de aforros ó establecido para as entregas de accións e de opcións sobre accións. Deste modo, as entregas de cotas participativas das caixas de aforros ós seus traballadores non se considerarán retribucións en especie, cun límite máximo de 12.000 euros anuais por traballador, como no caso das entregas de accións ou participacións das empresas ós seus traballadores. Así mesmo, as opcións sobre cotas participativas entregadas a empregados de caixas de aforros terán o réxime fiscal das opcións sobre accións.

- Actualízanse por outra parte, no artigo 57, os coeficientes de valor de adquisición para as transmisións de bens inmobles non afectos a actividades económicas que se efectúen durante o ano 2004.

A Comunidade Autónoma de Galicia non fixo uso neste imposto das competencias atribuídas pola Lei 18/2002, do 1 de xullo, de réxime de cesión de tributos do Estado.

Respecto ó Imposto sobre sucesións e doazóns, a Lei de medidas tributarias e administrativas, inclúe diversas novidades, entre as que figura a reducción dun millón de euros nas adquisicións por descendentes e adoptados menores de 21 anos e de 100.000 euros máis por cada ano menos de 21 anos que teña o causa-habente. Ó mesmo tempo establécense unhas reduccións na cota a través dos coeficientes de patrimonio preexistente, coas que practicamente se elimina a tributación

por este imposto dos descendentes e adoptados menores de 21 anos. Todo iso como continuación da liña de reduccións que dirixidas á protección da familia viñan sendo establecidas pola Comunidade Autónoma. Por último, establécese unha reducción do 99% para as indemnizacións satisfeitas polas administración publicas ós herdeiros dos afectados polo síndrome tóxico.

En canto ó Imposto sobre o patrimonio das persoas físicas non se produce ningunha novidade normativa, manténdose, aínda que algo atenuada, a evolución ascendente da recadación seguida durante os últimos anos.

CAPÍTULO II. Impostos indirectos

A previsión de ingresos neste capítulo sitúase en 1.990.601 miles de euros, que supera nun 9,1% á realizada no anterior exercicio. A maior parte dese incremento corresponde ás aportacións do Imposto sobre o valor engadido, que se deberá ver particularmente beneficiado da esperada recuperación da actividade económica, e ás do Imposto sobre actos xurídicos documentados, así como á modificación dos tipos do tramo autonómico do imposto sobre as vendas monoristas de determinados hidrocarburos.

No referente ó Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados a Lei de Presupostos do Estado actualiza a tarifa das transmisións e rehabilitacións de títulos e grandezas, de pouco peso recadatorio. Polo que atinxe á Comunidade Autónoma, hai que resaltar como novidades normativas o establecemento de bonificacións na cota do 50%, para determinadas actuacións sobre parques empresariais que sexan consecuencia do Plan de Dinamización Económico de Galicia, e

para Vivendas de Protección Autonómica que non gocen de exención. Tamén pola Comunidade Autónoma, e como no caso anterior a través da Lei de Medidas Normativas e Tributarias, increméntase o tipo de Actos Xurídicos Documentados do 1 ó 2% no caso de que se renuncie á exención do IVE.

Outra importante novidade é o uso feito pola Comunidade Autónoma da capacidade normativa derivada das competencias atribuídas pola Lei 18/2002, do 1 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado. En uso delas, e coa finalidade de mellora-los servicios sanitarios e medioambientais, modifícanse, como antes indicamos, os tipos do tramo autonómico do Imposto sobre a venda minorista de determinados hidrocarburos, agás no caso do gasoleo de usos especiais no que non se establece tipo e o de uso xeral que se exerce nun 50%. Esta medida suporá unha recadación estimada de 33,5 millóns de euros.

Cadro nº 8 — CAPÍTULO II. IMPOSTOS INDIRECTOS

Distribución Económica. Variacións 2003-2004.

(Miles de euros)

	Conceptos	2003	2004	Variación 04/03 Importe	%	Valor Rela. 2003	2004
200	Sobre transmisións intervivos	171.567	187.731	16.163	9,4	9,4	9,4
201	Sobre actos xurid. documentados	129.534	162.699	33.165	25,6	7,1	8,2
210	Sobre o valor engadido	895.701	971.018	75.318	8,4	49,1	48,8
220	Impostos especiais	549.295	556.125	6.830	1,2	30,1	27,9
221	Imposto minorista de hidrocarburos	54.109	88.782	34.673	64,1	3,0	4,5
290	Tributación aut. sobre o xogo	4.846	4.943	97	2,0	0,3	0,2
291	Grav. sobre contaminac. atmosférica	19.302	19.302	0	0,0	1,0	1,0
TOTAL		**1.824.354**	**1.990.601**	**166.247**	**9,1**	**100**	**100**

Finalmente, e polo que respecta ó capítulo II, hai que resalta-la conxelación dos tipos dos impostos especiais que aparece recollida na

Lei de acompañamento dos orzamentos do Estado, provocando unha previsión de ingresos por ese concepto practicamente estacionaria.

Cadro nº 9 **CAPÍTULO II. IMPOSTOS INDIRECTOS**

Distribución económica. Evolución 2000-2002.

(Miles de euros)

Conceptos		2000	2001	2002
200	Sobre transmisións intervivos	113.838	147.873	155.788
201	Sobre actos xuríd. documentados	87.471	76.605	111.265
210	Sobre o valor engadido	0	0	846.231
220	Impostos especiais	0	0	518.351
221	Imposto minorista de hidrocarburos	0	0	46.650
290	Tributación aut. sobre o xogo	4.508	5.229	6.263
291	Grav. sobre contaminac. atmosférica	16.828	15.927	15.927
TOTAL		**222.645**	**245.634**	**1.700.475**

CAPÍTULO III. Taxas, prezos e outros ingresos

A previsión de ingresos no capítulo III ascende a 160.959 miles de euros, que representan un incremento do 6,9% sobre a estimación inicial do ano anterior.

Polo que respecta ás taxas hai que apunta-la elevación nun 2% do tipo das taxas de contía fixa vixentes na Comunidade Autónoma, en virtude do establecido na Lei de orzamentos.

No referente á Taxa do xogo merece ser destacada a utilización das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 18/2002, do 1 de xullo, do Réxime de Cesións de Tributos do Estado. En uso desas competencias e por medio la Lei de Medidas Tributarias e Administrativas modifícase a taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar, deflactando por unha banda a tarifa aplicable ós casinos de xogo, por mor da inflación, e modificando por outra as contías fixas para as

máquinas recreativas tipo "B" e "C". Por último, hai que sinalar que se presupostan os ingresos agardados polo arranque no ano 2004 da lotería instantánea electrónica que se estableceu pola Lei 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo, circunstancia que orixina o notable crecemento, un 12,5% das taxas sobre o xogo.

Cadro nº 10 **CAPÍTULO III. TAXAS, PREZOS E OUTROS INGRESOS**

Distribución Económica. Variacións 2003-2004.

(Miles de euros)

Conceptos		2003	2004	Variación 04/03		Valor Rela.	
				Importe	%	2003	2004
301	Taxas por servicios administrativos	7.500	7.771	271	3,6	5,0	4,8
302	Taxas por servicios profesionais	13.324	13.806	482	3,6	8,9	8,6
303	Taxa por venda de bens	75	78	3	3,7	0,0	0,0
311	Prezos públicos	14.339	14.339	0	0,0	9,5	8,9
312	Prezos privados	6.575	6.575	0	0,0	4,4	4,1
320	Taxas sobre o xogo	77.677	87.368	9.691	12,5	51,6	54,4
380	Reintegros de exercicios pechados	6.402	6.402	0	0,0	4,3	4,0
381	Reintegros do orzamento corrente	4.559	4.559	0	0,0	3,0	2,8
391	Xuros de demora	1.681	1.681	0	0,0	1,1	1,0
392	Sancións impostas polas Consell.	13.168	13.168	0	0,0	8,7	8,2
399	Ingresos diversos	5.213	5.213	0	0,0	3,5	3,2
TOTAL		**150.513**	**160.959**	**10.446**	**6,9**	**100**	**100**

Cadro nº 11 CAPÍTULO III. TAXAS, PREZOS E OUTROS INGRESOS

Distribución económica. Evolución 2000-2002.

(Miles de euros)

Conceptos		2000	2001	2002
301	Taxas por servicios administrativos	5.559	7.302	7.765
302	Taxas por servicios profesionais	16.233	12.171	12.597
303	Taxa por venda de bens	445	60	72
311	Prezos públicos	11.118	12.922	13.403
312	Prezos privados	6.010	6.341	7.002
320	Taxas sobre o xogo	63.707	63.707	77.531
380	Reintegros de exercicios pechados	6.532	6.833	6.180
381	Reintegros de orzamento corrente	4.435	4.736	4.401
391	Xuros de demora	1.406	1.406	1.623
392	Sancións impostas polas Consell.	10.764	11.365	12.711
399	Ingresos diversos	1	1	2.130
TOTAL		**126.213**	**126.844**	**145.415**

CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

A previsión de ingresos por transferencias correntes sitúase en 3.833.912 miles de euros, equivalentes ó 50,12% dos recursos non financeiros do orzamento da Administración Xeral. Sobre o ano anterior este capítulo experimenta un incremento de 242.323 miles de euros, o que representa unha taxa de variación do 6,7%.

Dentro do capítulo IV destacan as diferentes partidas que corresponden ás entregas a conta realizadas polo concepto de "Participación nos ingresos do Estado", o de maior importancia económica dentro dos orzamentos, que supoñen un total de 2.965.354 miles de euros. Desa cantidade, 2.792.464 miles de euros, un 5,4% máis que o ano anterior, corresponden ó Fondo de Suficiencia, mecanismo establecido polo novo sistema de financiamento aprobado pola Lei

21/2001, do 27 de decembro, a través do que se completan os recursos correspondentes á Comunidade Autónoma que non alcanzan a ser proporcionados pola vía dos tributos cedidos, mentras que en concepto de "Liquidación de exercicios anteriores", neste caso referida ó ano 2003, prevense ingresos por importe de 172.889 miles de euros.

A "Participación das Corporacións Locais nos Tributos do Estado" alcanza 661.096.800 miles de euros, que representan un incremento do 5,2% sobre a previsión do ano 2003. O papel desempeñado pola Comunidade Autónoma na xestión destes recursos é, basicamente, de intermediación, prestando un servicio de tesourería na distribución dos ingresos asignados pola Administración Xeral do Estado a cada un dos concellos e deputacións.

Cadro nº 12 **CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES**

Distribución Económica. Variacións 2003-2004.

(Miles de euros)

Conceptos		2003	2004	Variación 04/03		Valor Rela.	
				Importe	%	2003	2004
400	Participación ingresos do Estado	2.765.585	2.965.354	199.769	7,2	77,0	77,3
402	Particip. CC.LL. tributos do Estado	628.419	661.097	32.678	5,2	17,5	17,2
403	Subvencións finalistas	126.909	133.144	6.235	4,9	3,5	3,5
410	De OO. AA. administrativos	2.200	2.300	100	4,5	0,1	0,1
422	So ISM	1.896	1.976	80	4,2	0,1	0,1
430	De OO.AA. Com., Ind. E Financ.	0	6.718	6.718		0,0	0,2
490	Do Fondo Social Europeo	66.580	63.233	-3.347	-5,0	1,8	1,6
499	Outros Fondos Europeos	0	90	90		0,0	0,0
TOTAL		**3.591.589**	**3.833.912**	**242.323**	**6,7**	**100**	**100**

Cadro nº 13 **CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES**

Distribución económica. Evolución 2000-2002.

(Miles de euros)

Conceptos		2000	2001	2002
400	Participación ingresos do Estado	1.929.189	2.095.758	2.658.666
402	Participac. CC.LL. ingresos Estado	500.859	548.724	597.526
403	Subvencións finalistas	146.036	150.397	126.909
407	Programa aforro I.T.	0	0	19.214
408	Outras transferencias non finalistas	13.222	19.833	0
409	Custo novas transferencias	0	8.366	9.075
410	De OO. AA. administrativos	1.202	1.713	1.503
420	Do IMSERSO	66.876	69.818	0
422	Do ISM	2.004	2.296	1.863
461	De Deputacións	30	0	0
490	Do Fondo Social Europeo	37.984	66.195	65.276
491	Iniciativa Emprego	2.657	0	0
TOTAL		**2.700.059**	**2.963.100**	**3.480.032**

As subvencións finalistas procedentes dos orzamentos xerais do Estado acadan un importe de 133.143 miles de euros. Este tipo de subvencións corresponden nunha gran proporción á realización de actividades de formación profesional ocupacional, financiadas con fondos procedentes do Instituto Nacional de Emprego, e ó pagamento de pensións asistenciais a enfermos incapacitados, con cargo ó Fondo de Asistencia Social.

Finalmente, entre ás grandes partidas que integran este capítulo, figuran as transferencias que financian actuacións incluídas nos programas do Fondo Social Europeo. Conforme ás asignacións incluídas no programa operativo e á execución do gasto que se prevé realizar para este exercicio, presupóstanse 63.233 miles de euros, cantidade lixeiramente inferior á do ano 2003.

Gráfico nº 1



CAPÍTULO V. Ingresos patrimoniais

As rendas que se producen en favor da Comunidade Autónoma, como contrapartida pola utilización de activos que integran o seu patrimonio por parte de terceiras persoas contabilízanse neste capítulo.

Cadro nº 14 **CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS**

Distribución Económica. Variacións 2003-2004.

(Miles de euros)

Conceptos	2003	2004	Variación 04/03 Importe	%	Valor Rela. 2003	2004
520 Xuros de contas bancarias	9.808	9.770	-38	-0,4	85,3	83,5
599 Outros	1.692	1.930	238	14,0	14,7	16,5
TOTAL	**11.500**	**11.700**	**200**	**1,7**	**100**	**100**

Os ingresos presupostados inicialmente en 2004 proceden na súa maior parte dos xuros devengados polos depósitos de fondos en contas bancarias. As previsións realizadas en función dos saldos que se prevé

manter durante o exercicio e da evolución esperada para os tipos de xuro sitúan o importe destes ingresos nun total de 9.770 miles de euros, cifra substancialmente coincidente coas previsións iniciais do ano anterior.

Cadro nº 15 **CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS**

Distribución económica. Evolución 2000-2002.

(Miles de euros)

Conceptos	2000	2001	2002
520 Xuros de contas bancarias	9.616	9.941	9.406
599 Outros	601	601	60
TOTAL	**10.217**	**10.542**	**9.466**

CAPÍTULO VI. Alleamento de investimentos reais

Os recursos presupostados neste capítulo corresponden á venda de solares e fincas rústicas integradas no patrimonio da Comunidade Autónoma. Estas operacións revisten un carácter completamente atípico dentro das actuacións da Administración Xeral, e pola súa excepcionalidade teñen unha escasa significación dentro do conxunto dos recursos dispoñibles.

Cadro nº 16 **CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS**

Distribución Económica. Variacións 2003-2004.

(Miles de euros)

Conceptos	2003	2004	Variación 04/03		Valor Rela.	
			Importe	%	2003	2004
600 Venda de soares	650	700	50	7,7	92,9	100,0
601 Venda de predios rústicos	50	0	-50	-100,0	7,1	0,0
TOTAL	**700**	**700**	**0**	**0,0**	**100**	**100**

Cadro nº 17 CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS

Distribución económica. Evolución 2000-2002.

(Miles de euros)

Conceptos	2000	2001	2002
600 Venda de solares	120	180	601
601 Venda de fincas rústicas	180	0	0
TOTAL	**300**	**180**	**601**

CAPÍTULO VII. Transferencias de capital

Recóllense neste capítulo os recursos transferidos á Comunidade Autónoma dende outras administracións públicas que se destinan ó financiamento de gastos de capital.

As previsións de ingresos por este concepto sitúanse en 732.237 miles de euros, que representan un moderado incremento, 5,3%, sobre as presupostadas no ano anterior.

As transferencias de capital previstas no ano 2004 proceden casi exclusivamente da Administración Central do Estado e da Unión Europea, e constitúen xunto co aforro presupostario o principal elemento financiador dos investimentos.

Entre as que proceden do Estado, o Fondo de Compensación Interterritorial canaliza as transferencias que actúan como mecanismo de desenvolvemento do principio de solidariedade e de corrección dos desequilibrios interterritoriais previsto na LOFCA e no propio texto constitucional. A partir da modificación da LOFCA e da aprobación da Lei 22/2001, reguladora do FCI, este mecanismo de financiamento consta dun Fondo principal, que absorbe o 75% do importe total e que se

destina estrictamente ó financiamento de investimentos, e dun Fondo Complementario, ó que se lle asigna o restante 25% e que pode financiar tamén gasto corrente asociado á posta en marcha deses investimentos. No ano 2004 presupóstanse ingresos por valor de 163.942 miles de euros, que incrementan nun 5,6% as previsións do ano anterior.

As restantes transferencias procedentes dos presupostos estatais, entre as que figuran as subvencións finalistas destinadas ó financiamento de actuacións en materias sobre as que a Comunidade Autónoma ten asumidas competencias, supoñen en conxunto un total de 83.955 miles de euros, que representan un notable incremento sobre as presupostadas inicialmente en 2003.

Polo que se refire ás transferencias da Unión Europea, canalizadas preferentemente a través dos distintos programas operativos, están previstos ingresos por importe de 483.918 miles de euros, cifra practicamente coincidente coa do ano anterior. O FEDER con 167.909 miles de euros, o FEOGA Orientación e o FEOGA Garantía, con 198.102 miles, o IFOP, con 89.162 miles, e os Fondos de Cohesión, con 13.504 miles, así como o programa INTERREG, cun total de 15.241 miles de euros, proporcionan a totalidade dos recursos desa procedencia.

Cadro nº 18

CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Distribución Económica. Variacións 2003-2004.

(Miles de euros)

Conceptos	2003	2004	Variación 04/03		Valor Rela.	
			Importe	%	2003	2004
700 Do FCI	155.274	163.942	8.667	5,6	22,3	22,4
702 Subvencións Finalistas	54.933	83.955	29.022	52,8	7,9	11,5
761 De Deputacións	1.623	423	-1.200	-73,9	0,2	0,1
790 FEDER. P.O.	172.686	167.909	-4.777	-2,8	24,8	22,9
791 Iniciativa Interreg	13.732	15.241	1.509	11,0	2,0	2,1
792 FEOGA	178.784	198.102	19.318	10,8	25,6	27,1
793 Fondos de Cohesión	41.236	13.504	-27.732	-67,3	5,9	1,8
794 IFOP. P.O. I	77.009	89.162	12.153	15,8	11,1	12,2
TOTAL	**695.278**	**732.237**	**36.959**	**5,3**	**100**	**100**

Gráfico nº 2



Cadro nº 19 **CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL**

Distribución económica. Evolución 2000-2002.

(Miles de euros)

Conceptos	2000	2001	2002
700 Do FCI	148.778	139.714	140.595
702 Subvencións Finalistas	31.208	42.207	47.978
761 De Deputacións	0	1.078	1.078
790 FEDER. P.O.	134.927	165.930	169.429
791 Iniciativa Interreg	4.940	0	0
792 FEOGA	131.258	167.569	168.585
793 Fondos de Cohesión	12.006	22.306	30.815
794 IFOP. P.O. I	64.284	77.114	77.061
TOTAL	**527.401**	**615.918**	**635.542**

CAPÍTULO VIII. Activos financeiros

Como previsión de ingresos procedentes da venda de títulos representativos da propiedade de capital presupóstanse neste exercicio 10 mil euros, cifra coincidente coa de 2003.

Cadro nº 20 **CAPÍTULO VIII. ACTIVOS FINANCEIROS**

Distribución Económica. Variacións 2003-2004.

(Miles de euros)

Conceptos	2003	2004	Variación 04/03		Valor Rela.	
			Importe	%	2003	2004
850 Alleam. accións do sector público	10	10	0	0,0	100,0	100,0
TOTAL	**10**	**10**	**0**	**0,0**	**100**	**100**

Cadro nº 21 **CAPÍTULO VIII. ACTIVOS FINANCEIROS**

Distribución económica. Evolución 2000-2002.

(Miles de euros)

Conceptos	2000	2001	2002
850 Alleam. accións do sector público	0	15.566	6.010
TOTAL	**0**	**15.566**	**6.010**

CAPÍTULO IX. Pasivos financeiros

Os ingresos presupostados neste capítulo oscilan anualmente en función da existencia ou inexistencia de endebedamento neto e das necesidades de amortización de pasivos financeiros planteadas polo servicio da débeda. Conforme ó establecido na Lei de Orzamentos, no ano 2004 a variación de pasivos situarase en 39.800 miles de euros.

Cadro nº 22 **CAPÍTULO IX. PASIVOS FINANCEIROS**

Distribución Económica. Variacións 2003-2004.

(Miles de euros)

Conceptos	2003	2004	Variación 04/03		Valor Rela.	
			Importe	%	2003	2004
950 Prést. recibidos e emisión débeda	413.648	259.085	-154.563	-37,4	100,0	100,0
TOTAL	**413.648**	**259.085**	**-154.563**	**-37,4**	**100**	**100**

Cadro nº 23 **CAPÍTULO IX. PASIVOS FINANCEIROS**

Distribución económica. Evolución 2000-2002.

(Miles de euros)

Conceptos	2000	2001	2002
950 Prést. recibidos e emisión deuda	259.548	215.523	210.948
TOTAL	**259.548**	**215.523**	**210.948**

2. GASTOS

O orzamento de gastos de Administración Xeral ascende a 7.907.330 miles de euros, que representan un incremento do 5,3% respecto ó inicial do ano anterior, convertíndose nun 8,2% se a comparación se efectúa unicamente sobre o conxunto dos gastos non financeiros.

Cadro nº 24 ORZAMENTO DE GASTOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL

Distribución Económica

(Miles de euros)

Capítulos	2003	2004	Variación 04 / 03		Valor Rela.	
				%	03	04
I Gastos de persoal	1.443.758	1.513.435	69.677	4,8	19,2	19,1
II Gastos en bens correntes e servicios	303.805	339.761	35.956	11,8	4,0	4,3
III Gastos financeiros	153.577	138.619	-14.958	-9,7	2,0	1,8
IV Transferencias correntes	3.566.778	3.845.051	278.273	7,8	47,5	48,6
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	***5.467.918***	***5.836.866***	***368.948***	***6,7***	***72,8***	***73,8***
VI Investimentos reais	643.503	735.543	92.040	14,3	8,6	9,3
VII Transferencias de capital	893.873	1.012.039	118.166	13,2	11,9	12,8
TOTAL OPER. NON FINANC. DE CAPITAL	*1.537.376*	*1.747.582*	*210.206*	*13,7*	*20,5*	*22,1*
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS	**7.005.293**	**7.584.447**	**579.154**	**8,3**	**93,3**	**95,9**
VIII Activos financeiros	91.353	102.698	11.345	12,4	1,2	1,3
IX Pasivos financeiros	413.648	220.185	-193.463	-46,8	5,5	2,8
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	*505.001*	*322.883*	*-182.118*	*-36,1*	*6,7*	*4,1*
TOTAL GASTOS FINANCEIROS	**505.001**	**322.883**	**-182.118**	**-36,1**	**6,7**	**4,1**
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	***2.042.377***	***2.070.465***	***28.088***	***1,4***	***27,2***	***26,2***
TOTAL GASTOS	**7.510.294**	**7.907.330**	**397.036**	**5,3**	**100**	**100**

Polo que respecta ó gasto corrente, situado nunha abrumadora proporción nas consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, e na de Sanidade, neste último caso como transferencias correntes ó SERGAS, o crecemento experimentado sitúase no 6,8%. Esa variación ven orixinada

especialmente, unha vez descontado o efecto dos incrementos retributivos e das transferencias ás Corporacións Locais, polo importante apoio que recibirán en 2004 tanto na prestación de servicios sanitarios coma o desenvolvemento dos programas e actuacións situadas no ámbito dos servicios sociais. As dotacións que se destinan a estas últimas, aínda que moi inferior en valores absolutos ás que se adscriben os grandes bloques educativo e sanitario, resultan significativamente importantes en termos de crecemento sobre o ano anterior.

Gráfico nº 3



En canto ó gasto que se destina á execución de investimentos, continúan a ser considerados os criterios do Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia, coa introducción dos matices necesarios para acomodalos á evolución da conxuntura actual. Desa forma, además do notable reforzamento dos investimentos de carácter estratéxico e das actuacións de fomento empresarial (os capítulos VI e VII increméntanse nun 13,3%), merecen ser destacadas dúas particulares liñas de actuación: por unha banda, o apoio á promoción do ano xubilar compostelán, que deberá ter unha apreciable repercusión económica nos ámbitos relacionados co sector turístico, e por outra á prioridade establecida en relación coas actuacións

